

APORÍA Escénica é unha compañía centrada nos espectáculos de creación, que pretende explorar o universo da muller, a ecoloxía e a comubidade, así como desenvolver a súa propia linguaxe artística por medio da hibridación de tipoloxías escénicas que favorezan a potencia plástica dos corpos e os obxectos, empregando o xogo e o humor, sen esquecer a palabra e a poesía.

Desde o seu nacemento, no 2014, Aporía Escénica participa co seu primeiro espectáculo *30 e tantos ósos* no FITO, Festival Internacional de Teatro de Ourense; é seleccionada entre máis de 80 compañías no VI CÉNIT, organizado polo Centro de Investigación Atalaya TNT de Sevilla e recibe o premio María Casares ao mellor texto orixinal. Dous anos despois realiza a montaxe infantil *Os reloxos preguiceiros de Néboa* presenta en Galicia Escena Pro. No 2017 estrea a traxicomedia *6 cubos negros en corpo branco* e no 2018 presenta a performance *A Figueira* no Festival Fóra do Mapa dentro do ciclo de Teatro Breve. Entre o 2018 e 2019 volve de novo apostar con *ANIMAL SAGRADO* por un espectáculo infantil, nesta ocasión de máscaras e títeres. Prepara no 2019 a acción escénica *Un xardín por (re)contruír* con motivo do proxecto Violencia Zero da Deputación de Pontevedra, cuxa preestrea ten lugar meses antes no Festival de Inverno de Maputo, Mozambique. Este mesmo ano estrea na capela de Cangas *A Illa das Matriarcas*, espectáculo performativo coproducido con Joanna Hruby da cía ibicenca Theatre of the Ancients e coa colaboración da XXXVI Mostra de Teatro Cómico e Festivo de Cangas.

Actualmente, coproduce con Marta Pérez de Inversa Teatro a comedia pegadóxica *Misión Imposible*, estrea a peza de gran formato *SOGA E CINSA* sobre a Cazas de bruxas en Europa, cun elenco de once actrices, e inicia a preproducción dunha nova proposta coa Cía. Olivas Negras.